



COSTA DE REDONDELA

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019




Distancia: 18 km (lineal) + camiñadas
Dificultade: media

O concello de Redondela está situado na banda sur da ría de Vigo. A costa, pola proximidade dos montes, é escarpada agás no esteiro do río Alvedosa e na praia de Cesantes. Alterna cantís de media altura, praias e enseadas que quedan amplamente ao descuberto co debalo da marea. É unha costa rica en bancos marisqueiros.

As principais actividades son a pesca e o marisqueo, os servizos e a industria.

O litoral de Redondela está protexido dentro do LIC “Enseada de San Simón” (ata a punta Conchido).



- 1-Punta, enseada e praia de Soutoxusto
- 2-Punta Fontán
- 3-Punta Sobreira
- 4-Cova do Asno
- 5-Praia e punta do Cabo (Cesantes)
- 6-Illas de San Simón. Illote Corveiro.
- 7-Praia de Cesantes
- 8-Praia do Castañal
- 9-Porto de Cesantes
- 10-Punta da Canteira
- 11-REDONDELA. Río Alvedosa.
- 12-Punta do Socorro
- 13-Punta da Portela
- 14-Praia de Soutelo
- 15-Peirao de Soutelo
- 16-Punta Castiñeira
- 17-Porto e praia de Rande
- 18-Punta de Rande. Ponte.
- 19-Praia das Cabanas
- 20-Punta Concheira
- 21-Punta e porto do Cubillón
- 22-Porto de Chapela. Praia da Meda.
- 23-Praia de Area Longa



Vista de Redondela e a enseada de San Simón desde Cedeira



RÍA DE VIGO

Ábrese entre o Cabo Home, ao norte e Cabo Silleiro, ao sur. É a ría máis longa de Galiza, con 33 km, unha superficie de 176 km e unha profundidade máxima de 44 km. O estreito de Rande separa a parte interior chamada Enseada de San Simón, unha zona abrigada con augas pouco profundas, da exterior, máis aberta e de augas máis fondas.



Vista da Ría de Vigo desde o Coto da Águia



Vista da Ría de Vigo desde o monte Pedroso



Enseada de San Simón:

Situada no fondo da ría de Vigo, a partir do estreito de Rande. É unha cubeta tectónica moi colmatada de sedimentos procedentes das achegas dos ríos. No interior atópanse as illas de San Simón e Alvedosas. É unha zona abrigada con augas pouco profundas, cunha unha gran superficie que queda descuberta ao debalar o mar. É unha zona rica en bancos marisqueiros.

LIC/ZEC ENSEADA DE SAN SIMÓN

Ocupa o fondo da Ría de Vigo, a partir do estreito de Rande. É un ecosistema cunha alta produtividade biolóxica e de enorme riqueza marisqueira (sobre todo bivalvos), así como unha importante poboación de aves acuáticas sedentarias ou de paso.



PERCORRIDO

Comezamos no límite con Soutomaior, en **Soutoxusto** desviándonos á **punta de Fontán** para ver a **praia de Soutoxusto**. Volvemos á estrada para facer logo outro desvío á **punta Sobreira** e en Cesantes a baixada ás **praias do Cabo** e de **Cesantes** para velas así como ao conxunto da **enseada** e as **illas de San Simón**, antes de continuar ao porto de Cesantes. Do **porto de Cesantes** imos a **Redondela**, ao pé da **desembocadura do río Alvedosa**, e despois de cruzar o río bordear o esteiro ata a **Portela**. Da Portela hai que subir á estrada principal para poder desviarse logo a **Rande**. De Rande volvemos á estrada para coller un pouco máis adiante o desvío a **Chapela** polo que seguiremos ata que atopemos o indicador de **praia de Arealonga** para achegarnos á beira do mar onde podemos dar un paseo para percorrer as praias e o porto onde rematamos o percorrido.




1-Punta Pesqueira e enseada de Soutoxusto



Enseada e praias de Soutoxusto



2-Punta Fontán



3-Punta Sobreira




5-Praia e punta do Cabo (Cesantes)

4-Cova do Asno



Praia e punta do Cabo (Cesantes)



7-Praia de Cesantes. Un acolledor areal de 2.400 m de lonxitude que se sitúa aos dous lados dunha frecha areosa.

ILLAS DE SAN SIMÓN E DE SAN ANTÓN. Xunto cos illotes San Bartolomeu e San Norberto forman un pequeno arquipélago situado na enseada de San Simón. Pertencen á parroquia de Cesantes (Redondela)

Aínda que se cree que estiveron habitadas desde tempos moi antigos, as primeiras referencias históricas de presenza humana nas illas é do século XII, coa existencia dun mosteiro fundado pola Orde do Temple e ata o século XVIII foron varias as comunidades monásticas que atoparon refuxo nas illas. En 1589 foi saqueada por piratas ingleses, entre os que se atopa o célebre Francis Drake.

O 1 de xuño de 1838 inaugúrase o lazareto marítimo (casa de pragas) de San Simón para dar acollida en corentena aos viaxeiros que chegaban enfermos nos navíos procedentes do extranxeiro. Estivo en funcionamento durante 85 anos. A illa de San Simón funcionaba como zona de corentena dos buques e a pasaxe, e a de San Antón (lazareto suxo) para os enfermos contaxiosos. Ambas estaban separadas por unha ponte na que había dúas portas que facilitaban o envío de víveres e medicamentos e protexían dos contaxios.

Entre 1936 e 1943 funcionou como cadea para presos políticos do réxime franquista. Foi un campo de concentración e exterminio no que se calcula que permaneceron internos en diversos períodos máis de seis mil cidadáns. A illa grande destinábase a prisión e a pequena para acuartelamento dos gardas.

Máis tarde funcionou como residencia de verán para a garda de Franco, que foi clausurada en 1950, despois dun naufraxio no que morreron 43 persoas.

Entre os anos 1955 e 1963 funcionou o Fogar Méndez Núñez para a formación de orfos de mariñeiros.

En 1998 o arquitecto César Portela elaborou un Plan Director para a rehabilitación e recuperación dos edificios e espazos e adaptalos para usos culturais e públicos.

En 1999 foron declaradas Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galiza.


No ano 2006 a Consellería de Cultura elixiu o arquipélago de San Simón como símbolo da represión no Ano da Memoria.

Desde o ano 2007 a Fundación Illa de San Simón é a encargada de conservar e promover os valores patrimoniais e dinamizar a actividade cultural.

Para visitalas é preciso dispor de transporte (hai empresas que organizan viaxes guiados) e solicitar un permiso á Xunta de Galiza.



Illote Corveiro.





Praias de Cesantes e do Castañal



8-Praia do Castañal e porto de Cesantes



9-Porto de Cesantes



Porto de Cesantes



10-Punta da Canteira





11-REDONDELA. Esteiro do Alvedosa.
Vista desde o Galleiro.




O río Alvedosa nace ao norte da serra do Galleiro e despois de percorrer 9 km polos concellos de Pazos de Borbén e Redondela, desauga na enseada de San Simón, na ría de Vigo.



Desembocadura dos ríos Alvedosa e Pexegueiro



O Socorro



12-Punta do Socorro



A Portela, O Socorro, A Canteira
e o Porto de Cesantes
14-Praia de Soutelo

13-Punta da Portela




15-Peirao de Soutelo



16-Punta Castiñeira




Antigo cargadoiro de mineral de Rande. Na proximidades atópase MEIRANDE, un centro de Interpretación da Batalla e o patrimonio cultural de Rande.



Vista desde as punta da Canteira a Rande



17-Porto e praia de Rande



Chapela



18-Punta de Rande. Ponte.



21-Punta e porto do Cubillón



Chapela



22-Porto de Chapela



23-Praia de Area Longa